

## MEMORIA XUSTIFICATIVA, ECONÓMICA E ESTRATÉXICA.

**Expediente:** FAP 62.2025

**Obxecto:** Convenio de Colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Fundación Galicia Europa para a colaboración e participación conxunta na defensa da política rexional de Galicia na Unión Europea e para a realización de actividades de comunicación, difusión, visibilidade e formación sobre fondos europeos en Galicia

### 1. Atribucións competenciais.

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o conselleiro é a autoridade superior da Consellería e, como tal, ostenta a representación do departamento que preside.

No exercicio das súas competencias, o conselleiro de Facenda e Administración Pública e a Fundación Galicia Europa, teñen previsto formalizar un convenio de colaboración para a participación conxunta na defensa da política rexional de Galicia na Unión Europea e para a realización de actividades de comunicación, difusión, visibilidade e formación sobre fondos europeos en Galicia.

O artigo 12.1 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, atribúelle á súa Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos, a responsabilidade da programación, xestión, seguimento, comunicación, avaliación e control en relación con todos os programas de fondos europeos en que actúe como autoridade de xestión, organismo intermedio, organismo coordinador ou organismo equivalente.

### 2. Obxecto e finalidade.

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Fundación Galicia Europa, para o desenvolvemento da colaboración e participación conxunta de ambas entidades na área de política rexional e de actividades de comunicación, difusión, información e visibilidade dos fondos europeos, e de formación nesta materia.

A través do presente convenio desenvolveranse as seguintes actividades:





- a) A intensificación da colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Fundación Galicia Europa no ámbito da programación da política rexional europea e da política de cohesión e a defensa dos intereses de Galicia.
- b) A comunicación sobre proxectos financiados polos fondos europeos en Galicia, especialmente os relativos á política de cohesión e destacando proxectos emblemáticos.
- **Público obxectivo:** cidadanía galega, institucións comunitarias
  - **Canais:** redes sociais, boletíns electrónicos, web
- c) A colaboración en actuacións singulares desenvolvidas pola Consellería de Facenda, como a celebración dun evento anual de difusión e comunicación de fondos, a elaboración dunha estratexia de comunicación dos fondos en Galicia, a elaboración dun boletín de carácter periódico, a organización dun concurso de mellores proxectos galegos ou o impulso de boas prácticas en materia de comunicación e visibilidade dos fondos.
- **Público obxectivo:** entidades galegas públicas e privadas
  - **Canais:** web, redes sociais, eventos presenciais
- d) A formación sobre as distintas fontes de financiamento europeo e políticas da Unión Europea do persoal dos organismos xestores de fondos europeos integrados no sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a capacitación doutras entidades galegas para acceder ao financiamento comunitario, especialmente as entidades concernidas polo principio de partenariado na xestión dos fondos estruturais.
- **Público obxectivo:** administración autonómica e entidades galegas públicas e privadas que xestionan fondos europeos
  - **Canais:** dúas edicións do curso TecEuropa de formación en financiamento comunitario para uns 20 participantes presenciais cada un, coa posibilidade de abril tamén á participación en liña
- e) A comunicación e explicación das posibilidades de financiamento europeo co obxectivo de apoiar a captación de fondos europeos en Galicia: difusión da Guía de Financiamento Comunitario 21-27, campañas en RRSS, dinamización dunha comunidade virtual especializada en financiamento comunitario entre outras.
- **Público obxectivo:** entidades galegas públicas e privadas
  - **Canais:** redes sociais, boletíns electrónicos, eventos presenciais





A finalidade consiste en intensificar a colaboración e participación conxunta de ambas entidades na área de política rexional europea, reforzar a información e comunicación sobre a Unión Europea en Galicia, aumentar a visibilidade da execución feita en Galicia dos fondos da política de cohesión, proporcionar formación no ámbito da xestión de financiamento europeo e incrementar a participación galega en proxectos europeos.

### **3. Idoneidade do convenio de colaboración e cumprimento da normativa aplicable.**

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas súas cláusulas, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e polas demais normas de dereito administrativo aplicable.

Resulta aplicable á xestión, xustificación e resto de actuacións relacionadas cos gastos, cos fondos ou cos compromisos financeiros que deriven deste convenio, o Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Non resultan de aplicación ao convenio de colaboración os principios de publicidade e concorrencia pública, en razón de que a Fundación Galicia Europa constitúe a entidade idónea para levar a cabo a colaboración coa Consellería de Facenda e Administración Pública en materia de comunicación dos fondos europeos, tanto por tratarse dunha entidade instrumental da Xunta de Galicia como pola súa experiencia e bagaxe nesta área..

O instrumento convencional queda fóra do ámbito de aplicación do texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ao abeiro do seu artigo 4.

### **4. Condicións económicas, xustificación e pagamento previstos no convenio de colaboración.**

Para a execución das actividades a subvencionar, a Consellería de Facenda e Administración Pública achegará á Fundación Galicia Europa, a cantidade de corenta e catro mil quiñentos oito euros (44.508 €), con cargo á aplicación orzamentaria **10.01.612A.640.3 (CP: 2024 00019)** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026, na que existe crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio, gastos que deberán xustificarse de forma apropiada de acordo coas súas cláusulas.





Desagregación por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	14.875
2026	29.633
<b>TOTAL CONVENIO</b>	<b>44.508</b>

Este convenio está cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FEDER Galicia 2021-2027 con cargo á asistencia técnica.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a consellería, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Poderán imputarse a este convenio os gastos realizados e efectivamente pagados nos períodos estipulados na cláusula quinta.

Poderán financiarse con cargo a este convenio os gastos de persoal necesarios para a execución das ditas actividades, concretamente os derivados dos custos do persoal destinado á execución directa das actividades descritas na cláusula segunda. Non serán imputables a este convenio de colaboración os gastos de persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrese a fundación como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico:

- Na anualidade 2025: Dende o día seguinte ao da sinatura do convenio ata o 30 de novembro de 2025. A estes efectos os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2025 só poderán financiarse ao abeiro do convenio se se corresponden con traballos, deseños ou demais actuacións que se materialicen con posterioridade á sinatura do mesmo.
- Na anualidade 2026: Do 1 de decembro de 2025 ata o 30 de novembro de 2026.





## 5. Análise do gasto.

Tipo de actuación	Tipoloxía do gasto	Importe ano 2025	Importe ano 2026	TOTAL
Subvención directa	Gastos de persoal Custos indirectos: gastos de cada actividade	<b>14.875€</b>	<b>29.633€</b>	<b>44.508</b>

## 6. Gasto recorrente.

Non

## 7. Fitos e obxectivos.

- **Eixe 5.** Gobernanza
- **PA02** - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san
- **E02** - Mantemento dos niveis máis baixos de débeda de entre as CCAA. Estabilidade e competitividade das finanzas públicas que favorezan un custe moderado do servizo da débeda e un clima favorable ao investimento en Galicia
- **OO02** - Reforzar as tarefas de planificación da Xunta e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.

### INDICADORES CLAVE

- **SE0437** - Estudos e avaliacións relacionadas co PO.

## 8. Territorialización.

Tendo en conta que as actividades da fundación son de interese público para todo o territorio autonómico, procede a seguinte área xeográfica do gasto:

- **50.000** – Comunidade Autónoma de Galicia

Santiago de Compostela, na data da sinatura

O secretario xeral técnico e do Tesouro

David Cabañó Fernández

